




# XIX CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS DE VELA

E

## REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE

CLASE OPTIMIST



CLUBE NAUTICO  
CASTRELO DE MIÑO

CLUB NÁUTICO CASTRELO DE MIÑO  
2, 3 e 4 de Setembro de 2.016





# **ANUNCIO DE REGATA**

## **1º.- ORGANIZACIÓN**

O Club Náutico Castrelo de Miño organizará a XIX CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS DE VELA e a REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE da clase OPTIMIST no encoro de Castrelo de Miño os días 2, 3 e 4 de Setembro de 2.016, tal e como figura no calendario oficial de regatas 2016 da Federación Galega de Vela, según as seguintes estipulacións xerais:

## **2º.- REGLAS**

A regata rexirase por:

- Regulamento Internacional de Regatas 2.013-2.016.
- Prescricións da Real Federación Española de Vela.
- Regulamento de Competicións da F.G.V.
- Regras da Clase Internacional Optimist agás o que resulte modificado polas Instrucións de Regata.
- Instrucións de Regata.
- Anuncio de Regata.

## **3º.- CLASE QUE PARTICIPA**

A XIX CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS DE VELA DE CASTRELO DE MIÑO e a REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE están reservadas a embarcacións da Clase Optimist.

## **4º.- PUBLICIDADE**

A regata está clasificada de Categoría **C** de acordo coa Reglamentación 20 da ISAF. Poderá requirirse ós participantes a exhibición de publicidade conforme ao Código de publicidade descrito no punto 20.3.1 (d) (i) desta reglamentación.

## **5º.- PARTICIPACIÓN E INSCRIPCIÓN**

Poderán participar na XIX CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS DE VELA todos aqueles alumnos que realizaran curso ou cursos de vela durante o ano 2016 e teñan Licenza Federativa de Escola, non habendo participado en ningunha competición oficial no ano en curso e aqueles monitores que teñan Licenza Federativa de técnico do ano en curso polo club ou escola que representen. Os equipos de cada escola deberán estar formados por un máximo de 5 alumnos que deberán traer barco propio ou da escola a que representan **(Pode haber mais de un equipo por escola)**.

Para a REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE poderán participar aqueles barcos, cuxos tripulantes teñan Licenza Federativa de Deportista do ano en curso.





Ademais para poder participar hai que pasar obrigatoriamente o protocolo de desinfección contra o “mexilón cebra” da C.H. Miño-Sil de tódalas embarcacións que vaian a introducirse nas augas do encoro antes de rexistrarse na oficina de regatas. Para isto habilitarase una zona de limpeza na explanada que hai detrás das piscinas municipais en horario de 12 a 17 h. do venres 2 de Setembro. A limpeza consiste nun lavado con auga quente a presión das embarcacións e posterior secado.

As cuotas de inscrición son ás seguintes:

- 60 € por participante en réxime de aloxamento con pensión completa\*

- 40 € por participante en réxime de solo mantención\*

\* Ver apartado 6º.

**Xunto coa inscrición deberá remitirse o xustificante bancario do ingreso das cuotas na conta do club: ES96 2080 5289 25 3040002310 (ABANCA – Castrelo)**

As inscricións e xustificante deberán remitirse a:

### **CLUB NAUTICO CASTRELO DE MIÑO**

Avda. Alejandro Ferrer s/nº  
32430 Castrelo de Miño. OURENSE  
Tlf.- Fax.: 988 49 31 14  
e-mail: [info@clubnauticocastrelo.es](mailto:info@clubnauticocastrelo.es)

### **O PLAZO DE INSCRIPCIÓN REMATARA O MÉRCORES 31 DE AGOSTO ÁS 20:00 H.**

As inscricións recibidas posteriormente a esta data non terán dereito aos aditamentos que leve consigo a regata (aloxamento, comida, regalos organizativos, etc.). O rexistro de participantes deberá realizarse entre as 15:30 e 16:50 h. do venres 2 de Setembro de 2016, presentando ás licencias federativas correspondentes.

### **6º.- ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN**

A mantención darase nas instalacións do parque náutico de Castrelo de Miño, consistindo para todos en cea do venres 2, desayuno, comida e cea do sábado 3 e desayuno e bolsa de comida para o domingo 4 de Setembro.

O aloxamento para aqueles que fagan a súa inscrición na modalidade de aloxamento con pensión completa será no albergue de Castrelo de Miño no que hai dispoñibles 50 prazas polo que se irán adxudicando segundo a orde de inscrición.

O aloxamento para aqueles que fagan a súa inscrición en réxime de solo mantención, correrá pola súa conta podendo facer acampada nas inmediacións do parque náutico de Castrelo de Miño.

### **7º.- PROGRAMA PREVISTO\***



| Data    | Hora                | Acto                                     |
|---------|---------------------|--|
| 2/09/16 | 12:00 a 17:00       | Desinfección obrigatoria de embarcacións |
|         | 15:30 a 16:50 horas | Apertura Oficina de Regatas              |
|         |                     | Rexistro de participantes                |
|         |                     | Entrega de instrucións                   |
|         | 17:00 horas         | Reunión de monitores                     |
|         | 18:00 horas         | Sinal de Saida 1ª Proba día (2 probas)   |
| 3/09/16 | 17:00 horas         | Sinal de Saida 1ª Proba día (3 probas)   |
| 4/08/16 | 11:30 horas         | Sinal de Saida 1ª Proba día (1 proba)    |
|         | 13:30 horas         | Entrega de Trofeos                       |

\* Este programa é provisional polo que poderá ser modificado.

Non se poderá dar ningunha saída despois das 20:30 h.

### **8º.- FORMATO DE COMPETICION. PERCORRIDOS**

O formato de competición será de flota. Hai programadas 6 probas, das cales deberán celebrarse 1 proba para que a regata sexa válida. Os percorridos da REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE serán os marcados polas Reglas da Clase Optimist e especificaranse nas Instrucións de Regata. Para a XIX CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS poderán deseñarse percorridos alternativos coa finalidade de facilitar a aprendizaxe dos nenos e serán especificados igualmente nas Instrucións de Regata.

### **9º.- AGASALLOS**

Haberá trofeos como mínimo para os tres primeiros clasificados da regata Copa Deputación de Ourense, os tres primeiros clasificados individuais de escola e para ás tres primeiras escolas ademais de unha camiseta de recordo para tódolos participantes.

### **10º.- RESPONSABILIDADE**

O Club Náutico de Castrelo de Miño non asume responsabilidade algunha por danos que poidan sufrir os participantes e embarcacións, antes, durante ou despois da Regata, por canto os participantes se inscriben e participan na mesma baixo a súa exclusiva responsabilidade e risco.

O presente Anuncio de Regata poderá ser variado pola organización en caso necesario.

Castrelo de Miño, 17 de Agosto de 2.016  
O COMITÉ ORGANIZADOR



CLUBE NAUTICO  
CASTRELO DE MIÑO



## **CLASE OPTIMIST - FOLLA DE INSCRIPCIÓN COLECTIVA**

### **XIX CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS DE VELA**

**2, 3 e 4 de Setembro de 2016**

|                                |                  |
|--------------------------------|------------------|
| <b>CLUB OU ESCOLA:</b>         |                  |
| <b>DIRECCION:</b>              | <b>TELEFONO:</b> |
| <b>CIDADE E CODIGO POSTAL:</b> |                  |
| <b>E-MAIL:</b>                 |                  |

#### **LISTADO DE PARTICIPANTES**

| <b>PATRÓN:</b>  | <b>Nº LICENCIA:</b> | <b>Nº VELA:</b> |
|-----------------|---------------------|-----------------|
| 1.              |                     |                 |
| 2.              |                     |                 |
| 3.              |                     |                 |
| 4.              |                     |                 |
| 5.              |                     |                 |
| <b>MONITOR:</b> |                     |                 |
| 1.              |                     | -----           |
| 2.              |                     | -----           |

#### **Declaración do Delegado (Irresponsabilidade da organización en xeral)**

Acepto e asumo calquer responsabilidade que puidera derivarse da participación na XIX CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS DE VELA do meu barco, así como das súas condicións de seguridade, do cumprimento das disposicións vixentes, tanto das Autoridades da Confederación Hidrográfica, como das Autoridades Deportivas, e de canto poida acaecer a causa de non cumprir estrictamente canto esté establecido nas leis ou normativas vixentes.

Con esta Declaración e polo que fai referencia a mín, relevo de toda responsabilidade ao Clube Náutico Castrolo de Miño, a Real Federación Española e a Federación Galega de Vela, así como ao Comité de Regatas, a calquer persoa física ou xurídica que participe na organización desta regata, por calquer título, asumindo o meu cargo calquer dano ou perxuízo que poida ser consecuencia da miña participación na Regata. Así mesmo, autorizo a organización desta regata a difundir en todo tipo de medios de comunicación escritos e audiovisuais, as imaxes recollidas no evento.

Data:

Sinatura e selo do club:

Enviar a: [info@clubnauticocastrolo.es](mailto:info@clubnauticocastrolo.es) ou fax: 988 49 31 14





## **CLASE OPTIMIST - FOLLA DE INSCRIPCIÓN**

### **REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE**

**2, 3 e 4 de Setembro de 2016**

|   |                      |                         |
|---|----------------------|-------------------------|
| <b>BARCO:</b><br><br>¿Leva Publicidade? | <b>CLUB:</b><br><br> | <b>Nº VELA:</b><br><br> |
|---|----------------------|-------------------------|

|                                |                         |
|--------------------------------|-------------------------|
| <b>PATRON:</b>                 | <b>LICENCIA:</b>        |
| <b>DATA DE NACEMENTO:</b>      |                         |
| <b>DIRECCION:</b>              | <b>TELEFONO MOVIL :</b> |
| <b>CIDADE E CODIGO POSTAL:</b> |                         |
| <b>E-MAIL:</b>                 |                         |

#### **Declaración do Patrón (Irresponsabilidade da organización en xeral)**

Acepto e asumo calquer responsabilidade que puidera derivarse da participación na REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE do meu barco, así como das súas condicións de seguridade, do cumprimento das disposicións vixentes, tanto das Autoridades da Confederación Hidrográfica, como das Autoridades Deportivas, e de canto poida acaecer a causa de non cumprir estritamente canto esté establecido nas leis ou normativas vixentes.

Con esta Declaración e polo que fai referencia a mín, relevo de toda responsabilidade ao Clube Náutico Castrelo de Miño, a Real Federación Española e a Federación Galega de Vela, así como ao Comité de Regatas, a calquer persoa física ou xurídica que participe na organización desta regata, por calquer título, asumindo o meu cargo calquer dano ou perxuízo que poida ser consecuencia da miña participación na Regata. Así mesmo, autorizo a organización desta regata a difundir en todo tipo de medios de comunicación escritos e audiovisuais, as imaxes recollidas no evento.

Data:

Sinatura do Patrón ou representante:

Enviar a: [info@clubnauticocastrelo.es](mailto:info@clubnauticocastrelo.es) ou fax: 988 49 31 14

